

RESOLUCIÓN do 8 de abril de 2024 da Comisión de Selección designada para xulgar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso na categoría profesional de técnico/a de proxectos de I+D+i GI da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, convocado polo Anuncio do 26 de decembro de 2022 (DOG núm. 248 do 30 de decembro de 2022), pola que se dá publicidade de diversos acordos.

En sesións que tiveron lugar os días 11 de marzo e 3 de abril de 2024, a Comisión de Selección nomeada pola Resolución do 10 de febreiro do 2023 do Director Xerente da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne,

ACORDOU:

Primeiro. Anular, de conformidade co disposto na base III.1.2.7 da convocatoria e logo de revisar as reclamacións presentadas, as preguntas con número 96 e 110 do primeiro exercicio deste proceso selectivo realizado o 26 de febreiro de 2024. O seu lugar pasa a ser ocupado polas preguntas de reserva número 122 e 123. Desestímense na súa totalidade as restantes reclamacións presentadas. O exame valorarase sobre un total de 160 preguntas, 120 preguntas da primeira parte e 40 preguntas da segunda parte.

Segundo. De conformidade co disposto na base III.1.1.1 da convocatoria, o exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e, para superalo, será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos. Para estes efectos, de acordo co disposto na citada base, mediante a Resolución deste tribunal do 8 de febreiro de 2024 establecéronse os criterios de corrección, valoración e superación deste primeiro exercicio:

- Superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de catro (4) persoas aspirantes, sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 50 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.
- De darse o caso de que o número de aspirantes que superasen este exercicio non sexa o previsto no parágrafo anterior, rebaixarase ao mínimo do 40 % en cada unha das partes das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes, sempre que non superen o número máximo de catro (4) persoas.

– Todas as persoas aspirantes con idéntica puntuación a aquela que marque a nota de corte establecida de acordo cos criterios anteriores son consideradas igualmente aprobadas.

Terceiro. Publicar as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes presentadas ao primeiro exercicio deste proceso selectivo no portal web corporativo (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.

Cuarto. De acordo co disposto na base III.1.2.8 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas con relación ás puntuacións no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao de publicación desta resolución no portal web corporativo (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.

Quinto. Segundo o disposto na base V.13 da orde de convocatoria, contra este acordo poderase interpor recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ourense, 8 de abril de 2024

O Presidente da Comisión de Selección



Cástor José Rivero Martínez

